



Concello de Meaño

ASUNTO: DESCOVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CONVOCADO PARA O DÍA 26-09-2019.

EXPEDIENTE: PLN/2019/11

Antecedentes de feito.

1.- Con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 05-09-2019, n.º 2019-E-RC-4102, D. José Manuel Ásperez Montes, como voceiro do grupo de concelleiros da Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente, solicita a convocatoria urxente dun Pleno extraordinario no que o punto a tratar no orde do día sexa a “creación dunha comisión de investigación e estudo para a modificación puntual número 2 do PXOM de Meaño”; subsandose a devandita solicitude con data 10-09-2019 mediante a presentación de escritos de solicitude de convocatoria deste Pleno extraordinario subscritos por cada un dos concelleiros do Grupo municipal Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente.

2.- En uso das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en cumprimento e nos prazos establecidos no artigo 46.2 deste texto legal e o artigo 48.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Alcaldía mediante Resolución de data 11-09-2019, no prazo establecido, convoca sesión extraordinaria do Pleno da Corporación para o día 26 de setembro de 2019, co único punto do orde do día “CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN E ESTUDO PARA A MOFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 2 DO PXOM DE MEAÑO, SI PROCEDE”.

3.- Con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-09-2019, n.º 2019-E-RC-4354, D. José Manuel Ásperez Montes, presenta escrito subscrito polos integrantes do Grupo municipal Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente no que solicitan que se desconvoque a celebración do Pleno extraordinario sempre e cando o punto do orde do día pase a formar parte dos puntos a tratar no Pleno ordinario do venres día 27 de setembro.

Fundamentos legais.

1.- Segundo establece o artigo 48.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e o punto 3 do artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación deberá efectuarse dentro dos catro días seguintes á petición.

2.- En canto a celebración desta sesión, o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fora solicitada, **non podendo incorporarse o asunto ao orde do día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos si no autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.**

3.- É atribución da Alcaldía, ao abeiro do artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, convocar as sesión do Pleno.

A vista do escrito presentado por D. José Manuel Ásperez Montes, como voceiro do Grupo municipal Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente e subscrito polos





Concello de Meaño

integrantes, considerada a proximidade da celebración da próxima sesión ordinaria do Pleno da Coporación, e ao abeiro do artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e en uso das facultades que me atribúe a lexislación vixente, RESOLVO:

1º.- Desconvocar a convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de data 26 de setembro de 2019, coa inclusión deste asunto na convocatoria do orde do día da próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

2º.- Desconvocar a convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible data 26 de setembro de 2019, coa inclusión deste asunto na convocatoria do orde do día da sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible de data 23 de setembro de 2019.

3º.- Notificar a presente Resolución aos membros do Pleno da Corporación e da Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible.

Manda e asina o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, ante min a secretaria-interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral, que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

